

1/294 APROBACIÓN DAS BASES DAS SUBVENCÍONS DA FASE 17ª DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica de administración xeral adscrita a Disciplina Urbanística, do 21 de xuño de 2024, conformado polo director xeral de Urbanismo, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES

A experiencia dos últimos anos confirma o incremento do número de residentes no recinto histórico de Lugo que solicitaron axudas para a realización de proxectos de rehabilitación das súas vivendas e elementos comúns dos edificios que habitan. Deste xeito, os resultados acadados denotan a necesidade de efectuar esta convocatoria de subvencións para a realización destas actuacións, non só co obxecto de complementar a actividade propia do Concello e das administracións públicas que interveñen, senón como unha forma de colaboración e apoio para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 24.05.2023, acordou aprobar a memoria do Programa de rehabilitación no recinto histórico de Lugo, fase 17, e o texto do Acordo núm. 34 da comisión bilateral, do 22.06.2023, relativo ao contorno residencial de rehabilitación programada (en diante, ERRP) do “Casco histórico de Lugo. Fase XVII”, no Concello de Lugo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU, na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, cuxos custos de investimento en relación coa rehabilitación de edificios nesta fase 17 ascenden a un total de 1.574.953,85 euros, que se detallan do seguinte xeito:

Achega do MITMA: 850.986,25 euros.

Achegas particulares: 723.967,60 euros.

Segundo o informe do director xerente de Evislusa, D. Benigno Jáuregui Fernández, do 09.05.2023, as anteditas contías son coincidentes coa memoria do Programa de rehabilitación no recinto histórico de Lugo, fase 17.

O 07.06.2024 (RE 12400) recíbese neste servizo por parte da empresa municipal EVISLUSA, S.A., a proposta de bases reguladoras das subvencións para a rehabilitación residencial do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola unión europea - nextgenerationeu – na área de rehabilitación integral ou

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7922438288856221075.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-6-2024

contorna residencial de rehabilitación programada ARI - ERRP do “Casco histórico de Lugo - Fase XVII”, así como os seus nove anexos.

Existe consignación orzamentaria para a realización desta actuación, mediante documento RC núm. 202400017425, para o proxecto co código 23MRRXX15301 - REHBILITAC. A NIVEL DE BARRIO FASE XVII -NEXT GENERATION EU, que consta no expediente.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Resolución, do 8 de xullo 2022, do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), reguladora do procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Acordo núm. 34 da comisión bilateral, do 22.06.2023, relativo ao contorno residencial de rehabilitación programada (en diante, ERRP) do “Casco histórico de Lugo. Fase XVII”.
- Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo (BOP Lugo do 18.05.2005).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, regula, entre outras axudas, as relativas ao “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras e actuacións de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados Contornos residenciais de rehabilitación programada (en diante ERRP).

Mediante o Acordo núm. 34 da comisión bilateral, definiuse o ERRP obxecto de subvención dentro do “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio”, ao abeiro do previsto no artigo 12 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

O municipio, consonte o establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL), pode promover, no eido das súas competencias, as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, en todo caso, posuirá competencias propias, entre outras, en materia de protección e xestión do patrimonio histórico e conservación e rehabilitación da edificación.

Doutra banda, o outorgamento de subvencións considérase a técnica idónea para fomentar determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social nas que, a través do oportuno procedemento de concorrência competitiva, que se articula axustado aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, permite desenvolver actuacións dentro das competencias que lle son propias ao Concello de Lugo.

O artigo 25 da Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo (BOP Lugo do 18.05.2005) dispón que, con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras ou ben poderán incluírse estas na resolución aprobatoria da subvención correspondente.

Así mesmo, unha vez aprobadas as bases reguladoras, publicaranse no Taboleiro de Anuncios Municipal, na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o xeral coñecemento das persoas interesadas. Consonte o previsto nos artigos 17.3b), 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o extracto da convocatoria publicarase no BOP a través da Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co artigo 25 da Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións de atribucións noutros órganos, que na actualidade non constan.

Consta no expediente o informe de fiscalización previa da Intervención municipal, do 17.06.2024, no que se devolve o expediente para a emenda de determinadas deficiencias. Neste sentido, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

Neste expediente xa figuraban incorporados previamente á remisión da proposta inicial os seguintes documentos:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7922438288856221075.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-6-2024

- Bases da convocatoria e os seus anexos (en total, 9), que xa constaban no expediente. En relación coa duplicidade do anexo VI, as declaracións responsables que se recollen neles considéranse documentos complementarios, o que aconsella que aparezan ambos os dous documentos coa mesma numeración.

No expediente relacionado Tecol 2024/U026/000028, constan os documentos que xustifican as seguintes consideracións:

- En relación coa ausencia da conformidade da alcaldesa como órgano competente na proposta inicial, faise constar a existencia do Decreto da Alcaldía 1727/2024, do 27 de febreiro, de delegación de competencias na Dirección Xeral de Urbanismo no eido de, entre outras, as seguintes materias: conservación e protección do patrimonio histórico-artístico e fomento da conservación e rehabilitación das edificacións. De acordo con iso, a conformidade desta proposta corresponde prestala ao director xeral de Urbanismo, por ser o órgano competente. Xúntase o devandito decreto no expediente relacionado, para o seu exame e comprobación.
- Constan incorporados no expediente relacionado as declaracións de ausencia de conflito de interese (en diante, DACI) debidamente asinadas pola técnica de administración xeral de Disciplina Urbanística informante desta proposta e do director xeral de Urbanismo, como órgano responsable da área xestora. Así mesmo, inclúese o DACI do xerente da empresa municipal EVISLUSA, en calidade de asinante das bases da convocatoria, en cumprimento das condicións esixidas na tramitación destes procedementos.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 04.10.2006, adoptou o acordo 23/869 de encargo á empresa EVISLUSA da xestión das actuacións rehabilitadoras instadas e/ou xestionadas polo Concello, no ámbito dos convenios por este asinados e daquelas outras que o Concello decida iniciar a través dos seus propios programas. No dito acordo establecíase que a articulación da relación entre o Concello e a empresa efectuaríase, para cada caso concreto, mediante convenio ou a través de acordos específicos da Xunta de Goberno Local ou do órgano individual en que esta poida delegar.

Mediante acordo do consello de administración da empresa EVISLUSA, SA, do 04.01.2007, aceptouse o encargo antedito para xestión das axudas á rehabilitación do centro histórico de Lugo e aprobouse o texto do convenio de colaboración na materia, cuxa formalización é do 09.03.2007.

Os anteriores documentos, que se xuntan no expediente relacionado, lexitiman a intervención da empresa municipal EVISLUSA, S.A., neste procedemento, cuxa convocatoria e bases se propoñen para a súa aprobación.

Á vista de que as bases propostas por EVISLUSA, S.A., o 07.06.2024 (RE 12400) se axustan ás liñas de actuación determinadas no Acordo núm. 34 da comisión bilateral, unha vez constatada no expediente a existencia de crédito suficiente e dispoñible para o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo (acordo da comisión bilateral, anteriormente referido, do 22.06.2023, para o financiamento da rehabilitación de edificios de vivendas do ERRP “Casco Histórico de Lugo. Fase XVII” de Lugo), de acordo cos requisitos esixidos no Real decreto 853/2021 e a Resolución do 8 de xullo 2022, do IGVS, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, achéganse en documento anexo estas bases reguladoras das devanditas axudas para seren aprobadas pola Xunta de Goberno Local, tras a fiscalización favorable pola Intervención municipal.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 850.986,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 150.22078900 (código proxecto 23MRXX15301), referida ao ERRP do “Casco histórico de Lugo. Fase XVII”, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras das subvencións para a rehabilitación residencial do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - NEXTGENERATIONEU – na área de rehabilitación integral ou contorna residencial de rehabilitación programada ARI - ERRP do “Casco histórico de Lugo - Fase XVII”, así como os seus nove anexos.

TERCEIRO.- Convocar o programa de subvencións para a 17ª fase de axudas para a rehabilitación residencial do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio na área de rehabilitación integral ou contorna residencial de rehabilitación programada ARI - ERRP do centro histórico de Lugo, no réxime de concorrência competitiva previsto na lexislación aplicable e na Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo.

CUARTO.- Publicar o correspondente anuncio das bases que se aproban no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como o extracto da convocatoria no BOP a través da Base de datos nacional de subvencións (BDNS) nos termos previstos no artigo 17.3b), 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, publicarase tanto a convocatoria como as bases citadas no Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web municipal

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7922438288856221075.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-6-2024

(www.lugo.gal) e deberán inserirse, ademais, no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

O acordo que se adopta pon fin á vía administrativa e, contra el, poderanse interpoñer os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do acordo, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que se se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

- Non obstante, poderase impugnar directamente este acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, segundo establece o artigo 123.1 da Lei 39/2015. Para tal efecto, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do acordo.

- Todo o anterior sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que se estime pertinente.